



REGULAMENTO

VI COPA GALEGA PROMOCION SLALOM

TEMPADA 2008

ART. 1.- PROGRAMA

O programa da Copa Galega de Promoción de Aguas bravas, será desenvolto mediante a celebración de 6 competicións:

1º competición	02 de Marzo	Tomíño
2º competición	11 de maio	Almofrei, Pontevedra
3º competición	02 de agosto	Salvaterra
4º competición	09-10 de agosto	Leiro(Copa de España)
5º competición	17 de agosto	Monforte de Lemos
6º competición	13 de setembro	Dumbria

O programa de acordo co número de inscritos poderá ser o seguinte:

09:30 a 10:00 h. Confirmación ou modificación das inscricións e reunión dos xefes de equipo.
11:30 h. Comenzo das mangas.
15:30 h. Continuación das mangas
18:00 h. Entrega de trofeos

Está previsto que os kaiak sexan pola mañan e as canoas de tarde, en todas as categorías.

ART. -2 ORGANIZACIÓN

A organización de cada unha das SEIS competicións que compoñen esta Liga corresponderá á F.G.P. e a execución ao Clube e/ou organizador de cada unha delas.

ART.- 3 COMITÉ DE DISCIPLINA

Realizará esta función o Comité de Disciplina da propia F.G.P: para todo o referente a este Torneo e ás súas regatas puntuables.

ART.- 4 COMITÉ DE COMPETICIÓN

Será designado, en cada unha destas competicións, pola F.G.P.

ART.- 5 XUICES E ÁRBITROS

Os que designe a tal efecto a Xunta Directiva da F.G.P., a proposta do Comité Técnico de Árbitros.

ART.- 6 PARTICIPACIÓN

Aberta da todos os deportistas de clubs galegos, que, estando en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a temporada 2008, reúnan as condicións deste regulamento. En todas as regatas desta Copa poderán participar palistas de clubs non galegos e doutras federacións inscritas na I.C.F.



ART.- 7 INSCRIPCIONS

Cada clube poderá inscribir de xeito libre o número de deportistas que considere oportuno sempre que reúnan as condicións establecidas no presente regulamento e no específico de cada regata.

ART.- 8 PLAZO DE INSCRIPCIONS

As inscricións deberán ser enviadas á F.G.P.(R/ Italia, 35 Monteporreiro 36162 Pontevedra) o por mail (kayak-canoa@fegapi.org) ou polo fax 986 851108, o prazo sera de 4 días antes do día da competición, **NON SERAN ADMITIDAS BAIXO NINGUN CONCEPTO INSCRIPCIONS FORA DE PRAZO.**

ART.- 9 INSCRIPCIONS DEFINITIVAS

Os **Xefes de Equipo** de cada clube participante poderán realizar **cambios e anulacions** das inscricións ata unha hora antes do comezo da regata, non poderanse **inscribir palistas** o día da competición.

ART.- 10 CATEGORÍAS

As categorías serán as seguintes:

Infantís

Alevíns

Os límites de idade das categorías rexeranse polas normas ordinarias da RFEP ao efecto.

Os inscritos de categoría infantil poderán participar en tres modalidades K-1 e C-1 e C-2

Os inscritos en alevín solo competirán en K-1

ART.- 11 MODALIDADES

Establécense dúas modalidades xerais Slalom e descenso, quedando establecidas da seguinte maneira:

Kaiakistas homes	Slalom
Kaiakistas muller	Slalom
Canoistas homes	Slalom
Canoistas mulleres	Slalom

Kaiakistas homes	Descenso
Kaiakistas muller	Descenso
Canoistas homes	Descenso
Canoistas mulleres	Descenso

ART.- 12 EMBARCACTIONS

As embarcacións que poden participar no plan de promoción terán como máximo 4,5 m, non podendo levar timón.

ART. 13.- IDENTIFICACIÓN DOS PALISTAS

A efectos de identificación, o Xuíz que realice a identificación solicitará ao palista o D.N.I., carnet de conducir, pasaporte ou outro documento que acredite a personalidade do palista. Estabreceranse controis na auga (no momento da saída) para identificar os palistas polo que sempre deben ir identificados.



ART 14 PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

a) Puntuación individual.

FINAL ÚNICA:

Clasificación	Bonificación	Puntos
1 18 +	3	21
2 17 +	2	19
3 16 +	1	17
4		15
5		14
6		13
7		12
8		11
9		10
10		9
11		8
12		7
13		6
14		5
15		4
16		3
17		2
18		1

A Copa Galega, ao ser de promoción, non se establecerá unha marxe mínima para puntuar.

b) Puntuación por Clubes en cada competición.

A puntuación dun clube, obteráse coa suma de todas as puntuacións individuais.

c) Puntuación xeral da Copa.

Unha vez finalizadas as seis competicións que compoñen o Torneo, realizaráse unha clasificación xeral por clubes co criterio seguinte:

a) Para poder puntuar os clubes é necesario ter participado en catro das sete competicións do Torneo.

b) A clasificación xeral do Torneo obténse acumulando os postos conseguidos por cada clube nas seis competicións.

c) En caso de empate recorreráse á suma das puntuacións individuais do total das competicións.

O CLUBE GAÑADOR DA V COPA GALEGA DE PROMOCION DE SLALOM-2008 (SO AO PRIMEIRO) SE LLE FARÁ ENTREGA DO PREMIO NO TRANSCURSO DA GALA DO PIRAGUISMO DE GALICIA-2008.

ART.- 15 DISTANCIA E PERCORRIDO

Para a proba de Slalom:

A distancia ideal será a que os/as piragüistas infantís poidan percorrer nun tempo de entre 100 e 120 segundo. O percorrido será en auga parada ou corrente lisa. Contará obrigatoriamente cun mínimo de 8 portas e un máximo de 12 portas. E se efectuarán 2 mangas puntuables.

Para a proba de Descenso

A distancia ideal será a que os/as piragüistas infantís poidan percorrer nun tempo de entre 300 e 600 segundos. O percorrido de descenso será en auga parada ou corrente lisa, a dificultade máxima será, de Nivel I.

É recomendábel a realización da proba de descenso, pero non é obrigatorio para o organizador.



ART.- 16 DORSAIS, DISTINTIVOS E CONTROL DE SAÍDAS

Todos os participantes levarán dorsais polos que serán controlados en cada momento dos percorridos.

Unha hora antes da saída o Equipo Arbitral realizará unha inspección ou control de saída aos tripulantes e embarcacións participantes na regata co fin de verificar o cumprimento das normas de seguridade. Os piragüistas que non pasen o control non serán tidos en conta a ningún efecto.

ART.- 17 RECLAMACIONES

Todas as reclamacións sobre o desenvolvemento de cada regata serán feitas ao Comité de Competición, nun prazo non superior a 20 minutos despois de terminada a regata. Todas as protestas deberán ser feitas por escrito e acompañadas dunha taxa de 18 euros. As taxas serán devoltas se a protesta é considerada.

As decisións do Comité de Competición serán definitivas e poderán ser recorridas, en tempo e forma, segundo indican os regulamentos da F.G.P.

ART.- 18 NORMAS DE OBRIGADO CUMPLIMENTO PARA PATROCINADORES

Para ser patrocinador dalgunha das competicións que compoñen este Torneo, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

- I. Todas as competicións deben ter subscrita unha póliza de responsabilidade civil e acreditálo ante a F.G.P.
- II. Aportar a cantidade de **1.200,00 € (son mil douscentos euros)** á FGP para gastos organizativos.

ART. 19.- NORMAS DE OBRIGADO CUMPLIMENTO PARA ORGANIZADORES.

Para ser organizador dalgunha destas competicións, é necesario cubrir os seguintes requisitos:

a) Todas as competicións deben tener suscrita una póliza de responsabilidade civil e acreditálo ante a F.G.P.

c) Ter o campo de slalom cun mínimo de 8 portas e un máximo de 12, sendo 4 delas de remonte. A última porta debe estar situada a unha distancia non inferior a 15 metros nin superior a 25 metros da liña de meta, con liñas de saída e chegada debidamente balizadas. Dispor de zona de embarque e desembarque facilmente practicable, así como dispor de zona de quecemento na saída.

O montaxe do trazado do percorrido do campo deberá ser feito dacordo coa persona que designe a Federación Galega de Piragüismo para tal cometido.

d) Médico e ambulancia.

e) Ter unha oficina montada e preparada para o equipo arbitral (equipación mínima: fotocopiadora, papel, máquina de escribir, ordenador e programa de xestión de resultados, toma de corrente, casillero para os clubs e persoal con medios suficientes que garantan a asistencia á competición en todas as súas necesidades).

f) Entregar aos clubs o programa de competición elaborado, orde de saída e plano do percorrido.

g) Dispor do equipo e persoal de salvamento adecuado, para asegurar a integridade física dos participantes e a recuperación do material, en caso de volco.

h) Megafonía ambiental e radio-teléfonos, que cubran as necesidades da competición.

i) Servicios, vestiarios e embarcadores adecuados para os participantes.

j) Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados en cada proba.



- k) Regulamento da proba exposto xunto ao taboleiro de resultados.
- l) Entregar aos clubs dorsais. Estes deben ser correlativos dentro dunha mesma categoría.
- m) Medios idóneos e suficientes para que os Xuíces poidan realizar o seu cometido.

ART.- 20 OUTRAS NORMAS

A organización de cada regata non se fai responsable dos danos que puidesen causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transporte como no transcurso da regata. Os xefes de Equipo deberán cubrir a folia de inscrición definitiva correspondente con todos os datos que se solicitan e asinala aceptando con iso o cumprimento das condicións do regulamento.

Aconséllase o uso de roupa impermeable.

ART.- 21 UNIFORMIDADE

En cada regata é obrigatorio que todos os palistas participantes dun clube porte a debida uniformidade. A falta desta característica impide a participación e o acceso ao campo de regatas e a recollida das medallas, tendo a súa sancion pertinente.

ART.- 22 INFORMACIÓN

Para toda información complementaria poderán dirixirse á FGP a través do correo (r/ Italia 35, Monteporreiro 36162 Pontevedra), tlfnos 986 842 106 986 896 537, Fax 986 851 108 e-mail : kayak-canoa@fegapi.org

PRESIDENTE
vºBº

Pontevedra, 8 de febreiro de 2008
O XERENTE